

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 6233** *Real decreto 568/2020, do 16 de xuño, polo que se designa a autoridade notificante, e se determinan outras obrigas, en cumprimento do Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019, polo que se establecen disposicións relativas á posta a disposición no mercado dos produtos fertilizantes UE e se modifican os regulamentos (CE) n.º 1069/2009 e (CE) n.º 1107/2009 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 2003/2003.*

O Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019, polo que se establecen disposicións relativas á posta á disposición no mercado dos produtos fertilizantes UE e se modifican os regulamentos (CE) n.º 1069/2009 e (CE) n.º 1107/2009 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 2003/2003, establece os requisitos para pór a marcación CE aos produtos fertilizantes. Esta marcación CE indica a conformidade dun produto fertilizante UE co citado regulamento e é o resultado visible de todo un proceso que comprende a avaliación da conformidade en sentido amplo.

O capítulo IV do citado regulamento recolle as disposicións relativas á notificación de organismos de avaliación da conformidade e introduce algunhas obrigacións aos Estados membros, como a designación da autoridade notificante ou os procedementos para a avaliación e notificación dos organismos da conformidade e para a supervisión dos organismos notificados, cuestións ás cales se procede agora a dar cumprimento, en aplicación en España do citado regulamento.

Este real decreto, polo tanto, aplícase –como o citado regulamento– aos fertilizantes UE, de modo que conforme este tales produtos deberán asegurar a súa conformidade co dito regulamento e estaren provistos da necesaria marcación CE cando se poñan á disposición no mercado e, na súa virtude, dítanse as regras necesarias para serlles de aplicación no noso país no que aos órganos concernidos se refire, sen prexuízo do seu efecto directo. Isto non impide nin afecta, non obstante, a plena vixencia do Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes, que ten por obxecto establecer a normativa básica en materia de produtos fertilizantes nacionais e as normas necesarias de coordinación coas comunidades autónomas.

Na elaboración desta norma observáronse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; os principios de necesidade e eficacia, posto que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen; o principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir, e o principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea. Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, posto que a norma asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, e transparencia, ao terse garantido unha ampla participación na súa elaboración.

Na tramitación do presente real decreto consultáronse as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1, regra 13.<sup>a</sup>, da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xuño de 2020,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto do presente real decreto o cumprimento das obrigacións establecidas no capítulo IV do Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019, polo que se establecen disposicións relativas á posta á disposición no mercado dos produtos fertilizantes UE e se modifican os regulamentos (CE) n.º 1069/2009 e (CE) n.º 1107/2009 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 2003/2003, en España, así como regular a notificación dos organismos autorizados para realizar a avaliación da conformidade, todo isto no referido aos produtos fertilizantes UE, nos casos previstos no citado regulamento.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do presente real decreto, entenderase por:

- a) Autoridade notificante: autoridade designada por un Estado membro, responsable de establecer e aplicar os procedementos necesarios para a avaliación, de notificar os organismos de avaliación da conformidade e de supervisar os organismos notificados.
- b) Organismo de avaliación da conformidade: organismo que desempeña actividades de avaliación da conformidade, que inclúen ensaio, certificación e inspección.
- c) Avaliación da conformidade: proceso polo que se demostra se se cumpren os requisitos do Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019, en relación cun produto fertilizante UE.
- d) Acreditación: declaración por un organismo nacional de acreditación de que un organismo de avaliación da conformidade cumpre os requisitos fixados no artigo 24 do Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019.
- e) Organismo notificado: organismo de avaliación da conformidade que cumpre os requisitos fixados no artigo 24 do Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019, e que foi notificado de conformidade co artigo 6 do presente real decreto.

Artigo 3. *Autoridade notificante.*

1. A autoridade notificante é o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, o que dá cumprimento aos requisitos establecidos no artigo 22 do Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019.

2. Non obstante, a avaliación e a supervisión dos organismos de avaliación da conformidade realizaraas o organismo nacional de acreditación, de conformidade co Real decreto 1715/2010, do 17 de decembro, polo que se designa a Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) como organismo nacional de acreditación de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93.

Artigo 4. *Obrigación de información das autoridades notificantes.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación informará a Comisión Europea dos procedementos para a avaliación e notificación dos organismos de avaliación da conformidade e para a supervisión dos organismos notificados, así como de calquera cambio ao respecto.

*Artigo 5. Requisitos e obrigacións relativas aos organismos notificados.*

1. Para ser acreditado para un ou varios dos módulos previstos no anexo IV do Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019, incluído o A1, o organismo de avaliación da conformidade deberá cumprir a norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012 «Avaliación da conformidade. Requisitos para organismos que certifican produtos, procesos e servizos», ou a que poida substituíla no futuro.

2. Os organismos notificados só poderán actuar de acordo coas actividades para as cales fosen notificados, seguindo os procedementos de avaliación da conformidade, indicados no anexo IV do Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019.

3. Os organismos notificados participarán nas actividades de normalización pertinentes e nas actividades do grupo de coordinación dos organismos notificados, establecido conforme o artigo 36 do regulamento, ou aseguraranse de que o seu persoal de avaliación estea informado ao respecto, e aplicarán a modo de directrices xerais as decisións e os documentos administrativos que resulten das actividades do dito grupo.

4. Conforme a norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012, ou a que poida substituíla no futuro, os organismos notificados disporán dun procedemento para o tratamento dos recursos presentados ante as súas decisións, de acordo co establecido polo artigo 33 do Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019.

*Artigo 6. Solicitud e procedemento de notificación.*

1. O procedemento de solicitude de notificación e calquera outra disposición de desenvolvemento para o cumprimento das obrigacións do Reino de España en relación co capítulo IV do Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019, serán publicados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na súa páxina web, e notificaranse á Comisión Europea e aos demais Estados membros mediante o sistema correspondente, establecido por esta.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación informará a Comisión Europea e os demais Estados membros de todo cambio pertinente posterior á notificación conforme o artigo 30 do regulamento.

*Artigo 7. Intercambio de experiencias.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación é o departamento responsable de coordinar a representación do Reino de España ante a Comisión, para o intercambio de experiencias entre as autoridades nacionais dos Estados membros responsables, conforme o presente real decreto e o artigo 35 do regulamento, da política de notificación.

*Artigo 8. Coordinación dos organismos notificados.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación designará cada dous anos un organismo notificado para que este represente o colectivo de organismos notificados nacionais ante o grupo de traballo que a Comisión poida constituír, co obxecto de instaurar e xestionar unha adecuada coordinación e cooperación entre os organismos notificados.

2. O colectivo de organismos notificados presentará unha terna, da cal o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación seleccionará o organismo notificado mencionado no parágrafo anterior.

3. O organismo notificado así seleccionado deberá transmitir ao resto de organismos notificados a orde do día das futuras reunións e as actas das reunións mantidas, así como calquera outro acordo ou información relevante que se produza durante as reunións.

4. Non obstante o anterior, calquera organismo notificado, a título individual, poderá formar parte do citado grupo de traballo.

5. Para os efectos previstos neste artigo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá, xunto con Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), os oportunos mecanismos de coordinación, que se publicarán a través da páxina web do dito departamento.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento, execución e aplicación.*

Habílitate o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento normativo e execución deste real decreto, así como para adoptar as medidas necesarias para a súa aplicación.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de xuño de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES